

2012
ABRIL - XULLO

CASA DA

XUVENTUDE

xuventude@vigo.org
www.xuventudevigo.org



sala de exposicións

López Mora, 31 - 986 294 806
De luns a venres, de 9:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00 h.

CONCELLO
DE VIGO



Alumnos/as de Escenografía da ESAD de Vigo

Escenografías, maquetas e deseños de espazo escénico

“Exposición de traballos escenográficos, na súa maioría para obras teatrais, dos alumnos de escenografía da Escola Superior de Arte Dramática de Vigo. Poderanse ver maquetas, debuxos e deseños de espazo escénico”.



ESAD GALICIA
Escola Superior de Arte Dramática

“Deseños de escenografías dixitais”
do 16 Abril ao 4 de Maio

Arte-K3 Movemento de arte fotográfico

Fotografía

Cada un dos integrantes de Arte_K desenvolve, mediante a linguaxe visual, pequenos relatos construídos por secuencias fotográficas. É un traballo de tratamento especialmente estético que estimula o voo subxectivo do observador.

www.movimientoartek.blogspot.com



“Arte-K3”


do 7 ao 25 de Maio

Colectivo Artístico Añuca


Pintura

Infancia! Campo verde, campanario, palmeira, miradoiro de cores, sol, vaga bolboreta que colgabas á tarde de primavera, no cénit azul, unha caricia rosa!

Juan Ramón Jiménez



“Frescura da infancia”
do 28 de Maio ata o 15 de Xuño



GRUPO XUNTOS, dirixido por Checha Montenegro

Pintura, debuxo e manualidades

É moi recompensador contemplar as expresións artísticas dos nosos nenos e nenas, mozos e mozas. Sempre nos sorprende a realización en máis de 10 técnicas coas que nos poden comunicar as súas inquedanzas, as súas percepcións, a súa creatividade... Por iso paga a pena aproximarnos, nestas datas, a contemplar esta exposición. Debemos agradecer a estes novos/as artistas o presente que nos ofrecen, deleitarnos cunha expresión de luz e cor e amosarnos os seus sentimentos. Os nosos agradecementos tamén aos pais, nais, escolas, ANPAS, entidades colaboradoras e á mestra. Sen a valiosa colaboración de todos e todas non poderíamos realizar esta exposición. Somos un equipo.

“Variedades”

do 18 de Xuño ao 6 de Xullo

Daniel Barbosa

Escultura

A miña arte é unha MANIFESTACIÓN ACTIVA dirixida a esta sociedade actual carente de valores, onde nos valem de escusas predefinidas para non dicir o que vemos, non gritar cando o oímos e non actuar cando o sentimos. A miña arte é un lapo na cara dos que din : “A VIDA É ASI”... A vida non é así. Así facémola nós, e somos nós os que temos que cambiar. A miña arte busca recordar que cambiar é preciso e posible, hai que dicir “non” á imparcialidade, hai que gritar. A miña voz fágoa oír en forma de esculturas que nos obrigan a ver o que temos diante dos ollos, e para iso utilizo a linguaxe das mans. Comunicarse usando soamente expresións íspenos e revélanos o que realmente somos.



“Mans que falan”
do 9 ao 27 de Xullo

CONCURSO Graffiti CASTRO CONCERTOS



Queres pintar o escenario dos Castroconcertos? Pois agora tes a oportunidade de facelo. Deseña un bosquejo e preséntao. A proposta seleccionada pintará o escenario do Castro para a vindeira edición dos Castroconcertos 2012.

Inscripción e máis información:
a partir do luns 2 de Abril a través da web da Concellería de Xuventude:
www.xuventudevigo.org ou no Súbete ó Castro.



EXPOSICIONS E PROXECCIONS

Rúa López de Neira, 27 - 986 223 004
de luns a venres de 9.30 a 14:00h. - de luns a xoves de 17:00 a 20:00h.

CONCELLO DE VIGO



COLECTIVO METT03.04 (Miscelánea en tres tempos)

Fotografía

Pinceis, lápises, cámaras fotográficas, videográficas... danlle a benvida a un pequeno, pero entrañable lugar chamado Ollo Polar. Dende a Rúa Metáfora queremos invitar a unha visita guiada onde o/a guía é un/ha mesmo/a, tendo a liberdade de brincar de páxina en páxina á maneira que cada cal lle pareza. Esperemos que disfruten do espectáculo e que desexen pasar parte da súa estancia vacacional neste novo e, ata agora, descoñecido territorio. Non se precisa de avión, automóvil, barco, tranvía nin ningún outro medio de transporte para chegar a el. O que se necesita é creer en querer chegar, aposentarse nun cómodo ou incómodo sofá, nun campo agochado ou na zona a que cada un/unha lle apeteza segundo a hora do día, a estación do ano, o mes.... En definitiva, ver cos ollos pechados para non perderse nada do vivido.



"Benvi@as a ollo polar"

do 7 ao 25 de Maio



"Forgive Our Sins"

do 4 ao 22 de Xuño

JOTAAUVEI


Fotografía

"Forgive Our Sins (Perdoa os nosos pecados en castelán) consta de 7 fotografías que representan os 7 pecados capitais da relixión cristiá. Fondo negro e encadres diferentes que intentan captar ante todo o sentimento do pecado na modelo. Como contrapunto, Without Temptations (Sen tentacións en castelán) busca representar o lado contrario, as 7 virtudes cardinais, moito menos coñecidas, noutras 7 fotografías. Luces suaves e fondo claro conxúganse coa modelo para levar a cabo a expresión da virtude."

GRUPO FOTOGRAFICO C. LUMIERE

Fotografía

Esta exposición xurde entre o alumnado e o profesor a partir do traballo realizado nos obradoiros fotográficos do Cineclub Lumière. As fotografías representadas, feitas en Vigo, fan referencia a distintos temas e campos fotográficos tratados en detalle ao longo do obradoiro de composición fotográfica como é a fotografía nocturna, paisaxes urbanas e naturais ou o a expresión fotográfica de "instantes" da vida cotián, ou a composición con formas e texturas.



"Olladas, pegadas e corredoiras"

do 2 ao 20 de Xullo



Pascual Pérez

Animación

Nun vello teatro de barrio represéntase a *Història d'Este*, un home "mu" normal cunha rutina diaria de café, coñac e cervexa. Un conto animado sobre o alcoholismo. E ademais no **Punto Xove**, o día da proxección teremos o pracer de contar con **Pascual Pérez**, director, produtor, animador e guionista do corto.

Dirección, Guión, Producción y Animación: **Pascual Pérez**

"Història d'Este"

Proxección, O Xoves 28 de Xuño, ás 19:00 h. no **Punto Xove**
Duración do corto, 7 min.

InterRail 2012

CONCURSO DE FOTO DE MÓBIL



A Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo en colaboración con **renfe**, convoca o **Concurso de fotografía móbil Inter Rail 2012**. Entrarán en concurso todas as fotografías referidas ás instalacións e/ou actividades organizadas pola Concellaría de Xuventude.

O prazo de presentación das fotografías para o concurso estará aberto dende o luns 21 de maio ata o 10 de xuño de 2012, ás 23:59:59 horas.

As fotos deberán enviarse como arquivo adxunto ao correo do **puntoxove@vigo.org** (o texto do asunto: "Concurso foto móbil Inter Rail 2012")

Consulta as bases completas na web:
www.xuventudevigo.org

NOVOS VALORES MUSICAIS CIDADE DE VIGO

¿Tes un grupo de música ou es solista e queres tocar na 6ª edición do festival "Sons da Lameira"?
Pois inscríbete no concurso de grupos e artistas musicais noveis da cidade promovido pola Concellaría de Xuventude do Concello de Vigo e o colectivo Malaherba. Ademais, os nove grupos e/ou artistas finalistas terán a oportunidade de gravar a súa actuación en directo.

Inscripcións e máis información: a través da web da Concellaría de Xuventude **www.xuventudevigo.org/vigosonico** dende o 1 ata o 22 de abril.

